


linguaxe non sexista

Guía da Deputación da Coruña

**EXPRESIÓNS NEUTRAS,
FORMAS SEN
MARCA DE XÉNERO,
ALTERNATIVAS
INCLUSIVAS
implicáte!**





linguaxe **non** sexista

edita: **Deputación da Coruña**
 coordina: **Eva Ovenza Pereira**, (Igualdade de Xénero Deputación da Coruña).
 textos: **María Fernández Zas**
 deseño gráfico e maquetación: **Distrito Xermar**
 depósito legal:

Índice

1. Introducción	4
2. Conceptos básicos	5
2.1 Xénero	
2.2 Sexo	
2.3 Sexismo lingüístico	6
2.3.1 Sexismo a nivel do discurso	
2.3.2 Sexismo gramatical	
2.4 Linguaxe neutra	
2.5 Patriarcado	7
2.6 Androcentrismo	
2.7 Teito de vidro	
2.8 Violencia simbólica	
3. Estratexias e solucións prácticas para evitarmos o sexismo lingüístico	8
3.1 Estratexias contra o sexismo lingüístico a nivel do discurso	
3.2 Estratexias contra o sexismo lingüístico a nivel da norma lingüística	10
3.2.1 Utilización de substantivos xenéricos, colectivos e abstractos	11
3.2.2 Uso de metonimias	12
3.2.3 Emprego de perífrases	13
3.2.4 Mudanzas na redacción do texto	14
3.2.5 Uso de ambos os xéneros gramaticais: as formas duplas	15
3.2.6 Utilización das barras e da arroba	18
3.2.6.1 As barras	
3.2.6.2 A arroba	19
3.3 Algúns exemplos comúns na Administración	
3.3.1 Os documentos pechados	20
3.3.2 Os documentos abertos	22
3.4 Táboa de formas recomendadas	23
4. Bibliografía	41
4.1 Bibliografía citada	
4.2 Bibliografía recomendada	
4.2.1 Guías e manuais en liña	
4.2.2 Outros recursos	42
4.3 Lexislación vixente que regula o emprego dunha linguaxe neutra	
4.3.1 Ámbito internacional	
4.3.2 Ámbito estatal	44
4.3.3 Ámbito galego	

1. INTRODUCCIÓN

*Non somos nós quen falamos a través da linguaxe
senón que é a linguaxe a que fala a través de nós.*
Heidegger

Hoxe en día, non existe ningunha sociedade no mundo en que os homes e as mulleres reciban un tratamento equitativo. Esa discriminación sustentada no simple feito de unha persoa nacer cun determinado sexo atravesa todas as categorías sociais e maniféstase por medio de formas máis ou menos difíceis de percibir. Con certeza, unha das maneiras máis sutís de transmitirmos esa discriminación é coa linguaxe, pois é o instrumento a través do cal expresamos as nosas ideas, os nosos pensamentos e as nosas formas de concibirmos o mundo, e constitúe, por esa razón, un indicador dos valores culturais e ideolóxicos da sociedade en que vivimos. A linguaxe, por si soa, non é sexista, xa que dispón de formas masculinas, femininas e invariábeis. Por conseguinte, somos as persoas quen damos á lingua un uso sexista, ao empregarmos sistematicamente, aínda que sexa de maneira inconsciente, as formas masculinas como termos xenéricos. Deste modo, contribuímos para a perpetuación de escollas léxicas exclusivas e androcéntricas que poden ser interpretadas como tendenciosas ou degradantes, visto que, a nivel cognitivo, evocan unha imaxe mental discriminatoria que suxire a idoneidade dun xénero e a inadecuación ou ausencia do outro. A pesar de a mudanza de vellos hábitos nunca ser doada, sen dúbida paga a pena facermos un esforzo para eliminarmos os efectos perniciosos destes usos lingüísticos, a usarmos unha linguaxe que recoñeza todas as persoas como participantes valorizados e iguais na sociedade.

No relativo á Administración, é unha evidencia que aínda existen restos de usos lingüísticos sexistas nos documentos oficiais que empregamos e rediximos diariamente, como é o caso dos informes, dos pregos de condicións ou de contratación, dos modelos de inscrición, das notas de prensa, das ofertas de emprego etc. Neste sentido, convén facermos unha pausa e reflectirmos coas lentes de xénero para nos decatarmos de que moitos termos ofensivos e depreciativos continúan a existir non só na linguaxe administrativa, mais tamén na nosa lingua cotiá. Só así veremos como ao noso redor aínda restan moitas acepcións que constitúen un obstáculo para avanzarmos rumbo a unha sociedade equitativa do punto de vista do xénero. Desde a Administración pública temos a responsabilidade de transmitirmos á sociedade o noso com-

promiso a prol da igualdade entre homes e mulleres, encarándonos a paridade dos sexos como unha tarefa, un principio e un obxectivo fundamental.

Para esta finalidade, o presente manual, que está dirixido ao persoal da Deputación da Coruña e dos concellos, fornece un breve glosario cos conceptos básicos empregados neste traballo, ao paso que ofrece exemplos reais de sexismo lingüístico, ben como suxestións, orientacións e substitutos prácticos para evitarmos palabras e expresións discriminatorias na comunicación oral e escrita desenvolvida non só na nosa actividade profesional, mais tamén na nosa vida persoal, familiar e social.

2. CONCEPTOS BÁSICOS

A seguir, co fin de esclarecermos algúns termos certamente confusos, preséntase un breve glosario que inclúe as principais nocións utilizadas neste caderno.

2.1. Xénero

O concepto de xénero é a categoría central da teoría feminista. Neste sentido, como afirma Varela (2005: 181), esta noción xorde da idea de o “feminino” e o “masculino” non seren feitos naturais ou biolóxicos, mais construcións culturais. Así, do punto de vista social, entendemos por xénero feminino todas as regras, as obrigacións, os comportamentos, os pensamentos, as habilidades e mesmo o carácter que deben ter as mulleres simplemente por seren bioloxicamente mulleres. Por súa vez, o xénero é tamén unha categoría gramatical que posúen todas as palabras, cando menos no caso das linguas románicas. No entanto, conforme xa referido, a lingua costuma reflectir a subordinación e a invisibilización das mulleres, xa que o xénero gramatical masculino se emprega para facer referencia tanto a un ou varios homes como a un grupo heteroxéneo constituído por homes e mulleres, ao paso que o uso do xénero gramatical feminino só é válido cando as palabras tiveren como referentes mulleres.

2.2. Sexo

Historicamente, e até hai ben poucas décadas, ninguén puña en causa que o sexo das persoas era determinado por cuestións biolóxicas, quere dicir, polas diferenzas físicas que existen entre os corpos de mulleres e homes. Foi a antropóloga estadounidense Gayle Rubin, unha das persoas que máis contribuíu para a configuración da teoría de xénero, quen no seu ensaio “The Traffic in Women” determina que “o sexo como hoxe o coñecemos —a identidade de xénero, o desexo sexual e a fantasía, os conceptos da infancia— é, en si mesmo, un produto social” (1975: 66; a tradución é nosa).

2.3. Sexismo lingüístico

O sexismo lingüístico é o uso discriminatorio da linguaxe por razóns de xénero. Como xa se sinalou, o sexismo non está na linguaxe en si propia, mais nos usos que as persoas facemos dela, uns usos que, infelizmente, son o reflexo da cultura androcéntrica e patriarcal en que todas e todos vivimos.

2.3.1. Sexismo a nivel do discurso

Esta tipoloxía de sexismo, que non obedece a regras gramaticais, ten que ver co “uso (máis ou menos intencionado) que se fai da lingua ao transmitir uns determinados valores a través das expresións e puntos de vista que cadaquén «escolle» para falar do mundo” (Castro Vázquez, 2010: 38). Cando a linguaxe se empregar para reproducir preconceptos ou estereotipos sexistas, estaremos perante un exemplo de sexismo discursivo.

2.3.2. Sexismo gramatical

O sexismo gramatical é un “fenómeno pragmático que consiste en eliminarmos/ omitirmos do texto/ discurso as formas femininas cando estas foren viábeis, isto é, usarmos a linguaxe para expresarmos unha concepción da realidade onde as actividades, o papel que desempeñan as mulleres na sociedade e a súa valorización fican en segundo plano” (Bolaños Cuéllar, 2013: 99; a tradución é nosa). Neste sentido, o uso do masculino “xenérico”, por colocamos un exemplo, é un caso obvio de sexismo gramatical.

2.4. Linguaxe neutra

A linguaxe neutra é ás veces referida como linguaxe non discriminatoria, linguaxe inclusiva ou linguaxe non sexista. Esencialmente, isto significa usarmos termos e expresións que non rebaixen, insulten, exclúan ou estereotipen as persoas con base na súa pertenza a un determinado grupo, ou por causa dun trazo, dun atributo ou dunha característica particular, a seleccionarmos, en contrapartida, outros vocábulos máis acaídos e respectuosos que non invisibilicen ningún dos sexos e que evoquen unha imaxe mental non discriminatoria. Por conseguinte, a linguaxe neutra é axeitada e importante en todas as situacións e debe ser usada en todas as formas de comunicación, quer orais, quer escritas. No ámbito administrativo, a linguaxe non sexista fai fincapé na visibilización do traballo desempeñado polas mulleres, non permitindo deste modo a existencia de ligazóns falsas e erradas entre coñecemento, competencias, capacidades e xénero.

2.5. Patriarcado

Até que a teoría feminista reformulou este concepto na década de 1960, o patriarcado foi considerado como o goberno dos patriarcas, dos anciáns bondadosos cuxa autoridade resultaba da súa sabedoría. Porén, hoxe en día, o termo patriarcado fai referencia a

unha forma de organización política, económica, relixiosa e social baseada na idea de autoridade e liderado do varón en que se verifica o predominio dos homes sobre as mulleres; do marido sobre a muller; do pai sobre a nai, os fillos e as fillas; dos vellos sobre os mozos; e da liña de descendencia paterna sobre a materna. O patriarcado xurdiu dunha toma histórica de poder por parte dos homes, que se apropiaron da sexualidade e da reprodución das mulleres e do seu produto, as crianzas, creando unha orde simbólica a través dos mitos e da relixión que a perpetúa como a única estrutura posíbel (Reguant i Fosas, 1996: 20; a tradución é nosa).

2.6. Androcentrismo

É a visión do mundo que sitúa o home como centro de todas as cousas, ocupando este unha posición fulcral na sociedade, na cultura e na historia. Así, so esta óptica, o mundo defínese en masculino e atribúese ao home a representación de toda a humanidade. Un exemplo claro e moito común de androcentrismo é cando empregamos palabras no masculino para nos referirmos conxuntamente a homes e a mulleres, pois estamos a interpretar o masculino como universal.

2.7. Teito de vidro

Consoante Silingowschi Calil (2007: 72), o concepto de teto de vidro, introducido na década de 1980 nos Estados Unidos, pode ser definido como unha barreira que, de tan sutil, é transparente, mais suficientemente forte para imposibilitar a ascensión das mulleres aos niveis máis altos da xerarquía organizativa. Indubitabelmente, este é o motivo por que, aínda hoxe, na maioría das empresas e das institucións os cargos de responsabilidade contiñan a ser monopolizados por homes.

2.8. Violencia simbólica

A violencia simbólica, concepto acuñado por Pierre Bourdieu (1991), refírese a un modo de violencia fisicamente indirecta que se exerce a través de padróns estereotipados, valores, mensaxes, signos etc. Que, moitas veces de xeito sistemático e encuberto, reproducen e transmiten condutas discriminatorias e desiguais nas relacións sociais, a naturalizaren deste xeito a subordina

ción das mulleres na sociedade. Conforme Castro Vázquez (2010: 35) a linguaxe e “a propia gramática teñen unha función ideolóxica, xa que as representacións implícitas nas escollas gramaticais e lingüísticas consideradas correctas contribúen a re-producir as relacións de dominación”. Por conseguinte, concordamos con Queizán (2008: 8) cando afirma que “o sexismo na linguaxe é unha forte violencia”, mesmo se é aceptada, consciente ou inconscientemente, pola maioría das mulleres e dos homes.

3. ESTRATEXIAS E SOLUCIÓNS PRÁCTICAS PARA EVITARMOS O SEXISMO LINGÜÍSTICO


Como referido anteriormente, a representación usual das mulleres na linguaxe pode definirse como sexista e androcéntrica. Por conseguinte, co fin de analizarmos pormenorizadamente algunhas das súas materializacións, seguimos Castro Vázquez (2010), quen establece dous planos de análise: o nivel do discurso e o nivel da norma lingüística. Sendo certo que ambos os niveis costuman interaxir e complementarse, parece oportuno tratar-mos as dúas tipoloxías de forma individual.

3.1. Estratexias contra o sexismo lingüístico a nivel do discurso

Tal como explicado no capítulo 2, esta tipoloxía de sexismo está relacionada co uso que se fai das palabras e de determinadas expresións concretas para reproducir preconceptos ou estereotipos sexistas. Nestes casos é moito produtivo e interesante aplicarmos a regra da inversión, a saber: se após invertermos o xénero dunha estrutura lingüística o resultado é unha cláusula que ninguén empregaría, estaremos perante un enunciado sexista. Como veremos a seguir, son moitos os usos de sexismo a nivel do discurso:

Incidencia no plano sexual para representar lingüisticamente as mulleres

Como se deduce deste exemplo, a referencia profesional de “mulleres empresarias” e “mulleres directivas” face aos termos comúns “empresarios” ou “directivos” marca negativamente as mulleres, secundarizando desta maneira as súas capacidades profesionais:



Ex: A Asociación Empresarial do Tambre organizou onte unha mesa redonda na que catro **mulleres empresarias e directivas**, e dúas responsables políticas das administracións local e autonómica, compartiron experiencias e analizaron o papel da muller no mundo empresarial.

(La Voz de Galicia, 22 de marzo de 2019)

Referencia ás mulleres polo nome propio

Outrosí, é común acharmos exemplos en que as mulleres son tratadas polos seus respectivos nomes propios, ao paso que no caso dos homes, é moito máis probábel que se mencione o seu apelido ou o seu cargo profesional. Este tratamento das mulleres é claramente discriminatorio, pois incide no seu “aspecto máis íntimo, doméstico, coloquial”, relegando para “segundo plano a súa faceta de seres adultas, plenas, cidadás, profesionais” (Castro Vázquez, 2010: 39):

Ex: «**Rosalía** contesta a **Pondal**, a **Curros**, a Eduardo Chao ou a **Castelar**, ao tempo que traballa con **Hölderlin**, **Goethe**, **Bürger** ou **Poe**», explica **Angueira** sobre o contexto histórico, literario e político.
(La Voz de Galicia, 17 de abril de 2019)

Uso do “condescendente a”

O emprego do artigo “a” para nos referirmos a mulleres de éxito nas súas respectivas áreas con que non existe ningún grao de confianza e de proximidade constitúe, sen dúbida, un uso sexista e pexorativo da linguaxe, pois afecta negativamente o recoñecemento profesional destas persoas:



Ex: “Considero que é absolutamente galega a obra castelá de Rosalía, a de Nicomedes Pastor Díaz, **a da Pardo Bazán** (que por desgraza é toda en castelán), a de Valle Inclán que escribía un galego delicioso e falaba un galego espléndido pero que escribiu moi pouco nel”.

(Sermos Galiza, 22 de xullo de 2014)

Occultación ou negación da capacidade de acción das mulleres

Igualmente, rexístranse casos en que os enunciados mostran unha actitude paternalista a respecto das mulleres, que son retratadas como persoas fráxeis e vulnerábeis que non poden subsistir por si propias, a seren os homes os encargados de as protexeren:

Ex: **Mulleres e nenos son evacuados** nun camión de Baghuz, o último reduto do Estado Islámico.

(La Voz de Galicia, 13 de febreiro de 2018)

Minimización do protagonismo das mulleres

Máis outro exemplo de sexismo no nivel discursivo consiste en establecer unha relación entre a muller e un home, mesmo nos casos en que é ela a protagonista absoluta da acción:

Ex: **A exmuller de Jeff Bezos** queda co 4 % de Amazon: 31.837 millóns de euros.

(La Voz de Galicia, 4 de abril de 2019)

Alusión á aparencia ou aos trazos físicos das mulleres

A erotización das mulleres é unha tendencia moito frecuente, nomeadamente nas conversas informais e nos medios de comunicación. Este comportamento, que consiste en facer referencia ao vestiario ou ás características físicas destas persoas, é indubitabelmente discriminatorio, xa que non se repite nos casos en que os suxeitos das accións son os homes:

Ex: Nieves Álvarez, **vestida de cor vermella**, foi a estrela que brillou con luz propia nos premios da revista Harper 's Bazaar.

(La Voz de Galicia, 26 de outubro de 2018)

3.2. Estratexias contra o sexismo lingüístico a nivel da norma lingüística

O uso do masculino como suposto xenérico é un dos erros máis frecuentes non só na nosa lingua cotiá, mais tamén na linguaxe administrativa. Facéndonos isto, estamos a contribuír coas nosas palabras para que as mulleres continúen a ser invisíbeis na linguaxe. Con certeza, a utilización sistemática do xénero

gramatical masculino para nos referirmos a colectivos mixtos ou integramente femininos e a suxeitos de sexo descoñecido, para alén de causar frecuentemente confusións e ambigüidades, elimina a presenza das mulleres a nivel simbólico, o que implica, por súa vez, a ocultación, a exclusión e a negación da súa existencia. Porén, contrariamente ao que consideran algúns sectores, empregarmos unha linguaxe neutra e inclusiva non significa termos de utilizar expresións gramaticalmente redundantes ou repetitivas, mais evitarmos calquera terminoloxía que poida resultar ofensiva para o 50% da poboación. Felizmente, como se verá a seguir, existen recursos para impedirmos a invisibilización e/ou a secundarización das mulleres.

3.2.1. Utilización de substantivos xenéricos, colectivos e abstractos

Os substantivos xenéricos, colectivos e abstractos non están marcados en relación co xénero, por iso son a alternativa máis recomendábel para nomearmos os dous sexos sen incorrer en preconceptos, ambigüidades e incorreccións lingüísticas, ao paso que contribuímos para incrementar a riqueza da linguaxe, pois a necesidade de representarmos novas realidades ás veces conduce á creación de novas palabras ou neoloxismos (p. ex. Funcionariado, usuariado, estudantado etc.). Alén diso, estes substantivos van en singular e, por conseguinte, os adxectivos, verbos etc. Que concorden con eles deben ir tamén en singular.

A seguir presentamos algúns exemplos concretos que corresponden, respectivamente, a un uso sexista e non sexista da linguaxe:

formas sexistas	formas neutras
os funcionarios	o funcionariado
os alumnos	o alumnado
os empresarios	o empresariado
os usuarios	o usuariado
os galegos	o pobo galego
os coruñeses	a poboación coruñesa
os profesores	o profesorado
os estudantes	o estudantado
os cidadáns	a cidadanía
os homes	a humanidade
os traballadores	o persoal

Ex: Os 40 **alumnos** do CEIP Arcediago non comezaron esta segunda feira o curso escolar.

(*Sermos Galiza*, 12 de setembro de 2016)

Ex: Os **cidadáns** están a favor da moderación orzamentaria.

(*La Voz de Galicia*, 8 de xullo de 2003)

Ex: **Profesorado e alumnado** do IES Poeta Díaz Castro ofrecen actividades para conmemorar o centenario con toda a comunidade educativa.

(*Sermos Galiza*, 18 de febreiro de 2014)

Ex: O Concello grovense abre á **cidadanía** o novo parque da Toxa.

(*La Voz de Galicia*, 26 de marzo de 2011)

3.2.2. Uso de metonimias

Unha outra posibilidade que permite englobar o feminino e o masculino dun xeito non discriminatorio é a utilización de metonimias, isto é, substantivos que fan referencia a actividades, cargos, oficios, profesións etc. Como acontecía no caso anterior, estes vocábulos tamén adoitan ir en singular.

Ex: Máis de 100 **secretarios, interventores, tesoureiros e técnicos** dos concellos galegos asistiron á xornada sobre transparencia nas entidades locais de Galicia.

(*Xornal Galego*, 18 de xuño de 2018)

formas sexistas	formas neutras
o titor	a titoría
o xefe	a xefatura
o diplomado	a diplomatura
o licenciado	a licenciatura
o xefe de servizo	a xefatura de servizo
o xerente	a xerencia
o interventor	a intervención
o director	a dirección
o secretario	a secretaría
o redactor	a redacción

Ex: Tres meses despois desa primeira dimisión, **22 xefes de servizo** da área de Vigo presentan a súa “dimisión irrevogable”, xa que non se teñen implantado solucións concretas.

(*Praza Pública*, 14 de marzo de 2019)

Ex: **A Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e CRUE Universidades** Españolas constituíron unha comisión mixta para analizar a situación do I+D na Universidade.

(*Xornal Galego*, 14 de maio de 2018)

Ex: Malia esta situación, **a xefatura do servizo e a xerencia** negáronse a abrir os 15 postos e atención na antiga sala de reanimación dotándoos de persoal necesario para atender.

(*Praza Pública*, 3 de xaneiro de 2019)

3.2.3. Emprego de perífrases

Para alén dos dous recursos antecitados, a utilización de perífrases, entendidas un “conxunto de palabras que expresan unha idea que podería ser expresada por menos palabras ou por unha soa” (“perífrase”, DRAG), é máis un mecanismo para evitarmos o sexismo lingüístico. En moitos casos, isto é posíbel antepóndonos os termos “persoa” ou “persoal” aos substantivos, adxectivos ou participios pasados correspondentes, como o atestan a táboa e os exemplos que figuran a seguir:

formas sexistas	formas neutras
os discapacitados	as persoas con discapacidade funcional
os emprendedores	as persoas emprendedoras
os contratados	o persoal contratado / as persoas contratadas
os policías	o corpo de policía
o solicitante	as persoas solicitantes
o demandante	a persoa demandante / a parte demandante
os interesados	as persoas interesadas / as partes interesadas
os inmigrantes	as persoas inmigrantes / a poboación inmigrante
os técnicos	o persoal técnico / as persoas técnicas
os administrativos	o persoal administrativo / as persoas administrativas
os políticos	a clase política

Ex: A área onde hai un maior número de **traballadores** para recolocar é a de oficinas. Na súa maior parte trátase de **administrativos**.
(*La Voz de Galicia*, 28 de febreiro de 2002)

Ex: **Os interesados** deberán presentar a súa solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta.
(*Galicia Confidencial*, 11 de abril de 2019)

Ex: Perante esta realidade a CIG-Ensino propón melloras laborais que incidan na calidade de ensino, partindo da negociación do Estatuto Galego do Profesorado e da [...] dotación de **persoal administrativo** en todos os centros.
(*Sermos Galiza*, 17 de novembro de 2015)

Ex: **As persoas interesadas** tamén contarán con préstamos para a rehabilitación, con bonificación de ata o 100% dos xuros durante catro anos, a través dos cales poderán financiar as actuacións necesarias.
(*Galicia Confidencial*, 20 de marzo de 2019)

3.2.4. Mudanzas na redacción do texto

En moitas ocasións, a través de pequenas mudanzas na redacción dos textos, podemos expresar os mesmos contidos ou significados sen renunciarmos á presenza feminina. Ora ben, nin sempre é doado establecermos unhas regras fixas, pois a substitución das formas discriminatorias e/ou ambiguas debe ser efectuada en conformidade co contexto. Así as cousas, no caso dos pronomes sexuais en masculino, cómpre empregarmos fórmulas non marcadas:



formas con marca de xénero	formas sen marca de xénero
<p>algún /algúns</p> <p>Ex: Algúns dos asistentes sinalaron a falta de motivación da xente nova ou datas e horarios, coma motivos para a non asistencia. (<i>Xornal21</i>, 22 de marzo de 2019)</p>	<p>alguén</p> <p>Ex: Tras a música, alguén, das persoas asistentes, repartiu castañas entre o público. (<i>Sermos Galiza</i>, 22 de novembro de 2015)</p>
<p>ningún / ningúns</p> <p>Ex: O 9,7% dos menores viven en Galiza en fogares onde non traballa ningún dos seus ocupantes. (<i>Sermos Galiza</i>, 16 de agosto de 2016)</p>	<p>ninguén</p> <p>Ex: Un de cada dez menores galegos vive nun fogar no que ninguén ten traballo. (<i>Sermos Galiza</i>, 16 de agosto de 2016)</p>
<p>todos / un</p> <p>Ex: O financiamento do “banco malo” vai ser sufragado durante 15 anos, polo menos, por todos os contribuíntes. (<i>Sermos Galiza</i>, 6 de setembro de 2016)</p>	<p>cada / calquera</p> <p>Ex: Cada contribuínte achegou de media 22,61 euros. (<i>EAPN Galicia</i>, 5 de abril de 2018)</p>
<p>o(s) que / o(s) cal(es) / aquel(es) que</p> <p>Ex: Serán os estados os que decidan en que porcentaxe fica finalmente. (<i>Sermos Galiza</i>, 5 de xullo de 2018)</p>	<p>quen</p> <p>Ex: Teñen que ser os gobernos quen decida cando se emite diñeiro, para que e a que interese. (<i>Sermos Galiza</i>, 20 de maio de 2016)</p>
<p>os + substantivo</p> <p>Ex: Os representantes sindicais valoraron a actitude negociadora do equipo reitoral. (<i>La Voz de Galicia</i>, 5 de marzo de 2004)</p>	<p>substantivo</p> <p>Ex: Porén, afirman que representantes do goberno local é case seguro que asistan á marcha. (<i>Sermos Galiza</i>, 23 de xullo de 2015)</p>

3.2.5. Uso de ambos os xéneros gramaticais: as formas dupla

Contrariamente ao que se costuma pensar, cando usamos ambos os xéneros gramaticais non estamos a duplicar, mais a nomear dous grupos diferentes de persoas. Sen dúbida, este é un recurso moito produtivo; no entanto, debemos ser coidadosos e coidadosas ao empregarmos as formas duplas en textos de carácter formal, pois ás veces dificultan a lectura. Por esta razón, sempre que posíbel, convén utilizarmos substantivos xenéricos, abstractos, colectivos etc. Co fin de exemplificarmos este recurso, a seguir preséntase unha táboa que inclúe mostras dos desdobramentos máis comúns:

Expresión sexista	Expresión neutra
<p>os traballadores</p> <p>Ex: Os traballadores aproban estender a greve no transporte a partir do 13 de xullo a todos os días da semana. (<i>Sermos Galiza</i>, 4 de xullo de 2017)</p>	<p>traballadores e traballadoras</p> <p>Omisión dos artigos e desdoblamento do substantivo</p> <p>Ex: En 2018 un total de 50 traballadores e traballadoras perderon a vida, sete máis que no exercicio anterior. (<i>Sermos Galiza</i>, 19 de abril de 2019)</p>
<p>os adxudicatarios</p> <p>Ex: O director xeral de Relacións Exteriores recibiu os adxudicatarios das seis bolsas de formación en cooperación para o desenvolvemento. (<i>La Voz de Galicia</i>, 13 de setembro de 2018)</p>	<p>os adxudicatarios e as adxudicatarias</p> <p>Desdoblamento do artigo e do substantivo</p> <p>Ex: Con todo, os adxudicatarios e as adxudicatarias anteriores quedaron fóra ao non poder competir con empresas máis grandes. (<i>Xornal Galicia</i>, 23 de setembro de 2018)</p>
<p>os adxudicatarios</p> <p>Ex: O director xeral de Relacións Exteriores recibiu os adxudicatarios das seis bolsas de formación en cooperación para o desenvolvemento. (<i>La Voz de Galicia</i>, 13 de setembro de 2018)</p>	<p>os adxudicatarios e as adxudicatarias</p> <p>Desdoblamento do artigo e do substantivo</p> <p>Ex: Con todo, os adxudicatarios e as adxudicatarias anteriores quedaron fóra ao non poder competir con empresas máis grandes. (<i>Xornal Galicia</i>, 23 de setembro de 2018)</p>
<p>os consumidores</p> <p>Ex: Os produtos do mar de Galiza teñen un recoñecemento ente os consumidores como os de ningún outro país. (<i>Sermos Galiza</i>, 2 de xullo de 2017)</p>	<p>as consumidoras e os consumidores</p> <p>Desdoblamento do artigo e do substantivo, adiantando a mención ás mulleres</p> <p>Ex: Esta actitude dos poderes públicos ampara e anima os comportamentos contra o galego de entidades privadas ante as que as consumidoras e os consumidores ficaban absolutamente desprotexidos. (<i>Sermos Galiza</i>, 6 de febreiro de 2017)</p>

Expresión sexista	Expresión neutra
<p>os funcionarios</p> <p>Ex: CC.OO. desmente que os funcionarios se opoñan ao acordo que regula a carreira profesional. (<i>Galicia Confidencial</i>, 19 de xaneiro de 2019)</p>	<p>os e as funcionarias</p> <p>Desdoblamento do artigo, que concorda en xénero e número co segundo substantivo</p> <p>Ex: Caviar, ostras, bebida a discreción e cociña típica de cinco países conformaron parte da mantenta da festa que reuniu os e as funcionarias deste organismo. (<i>Sermos Galiza</i>, 26 de decembro de 2012)</p>
<p>os profesionais</p> <p>Ex: Os profesionais aseguran que os temporais dos primeiros meses deste ano son a principal causa de que o produto que hai agora sexa «pouco e pequeno». (<i>La Voz de Galicia</i>, 8 de decembro de 2018)</p>	<p>as e os profesionais / os e as profesionais</p> <p>Só desdoblamento do artigo, pois o substantivo é un termo sen marca de xénero</p> <p>Ex: Os e as profesionais do Servizo de Saúde Pública Vasca notificaron 624 agresións verbais ou físicas o ano pasado. (<i>Osakidetza</i>; a tradución é nosa)</p>

Como se pode observar, non só temos de indicar a duplicidade de xénero no substantivo, mais tamén nas palabras que o acompañan (p.ex. Determinantes e adxectivos). Este tipo de concordancia recibe o nome de concordancia de proximidade, o que implica que o adxectivo debe tomar sempre o xénero do substantivo que modifica:

Ex: É unha enfermidade crónica que afecta traballadores e **traballadoras expostas** a po pneumoconiótico.

(*Sermos Galiza*, 17 de abril de 2019)

Por seu turno, na linguaxe administrativa, tal como acontece na nosa lingua cotiá, é bastante habitual que o masculino preceda o feminino nos casos en que hai unha mención expresa a ambos os sexos. Consciente ou inconscientemente, este uso establece unha determinada xerarquía que non ten xustificación gramatical nin lingüística, mais que contribúe para a consolidación da idea de que o sexo masculino é prioritario. Así, para evitarmos a clásica estrutura masculino-feminino, é recomendábel ben respectarmos a orde alfabética, ben alternarmos a orde ao longo do texto:

Ex: Un 23,1% é a porcentaxe que expresa a brecha salarial dos **homes e mulleres** na Galiza.

(*Sermos Galiza*, 22 de febreiro de 2013)

Ex: A fenda salarial entre **mulleres e homes** é de 1.700 euros.

(*Sermos Galiza*, 22 de outubro de 2013)

3.2.6. Utilización das barras e da arroba

3.2.6.1. As barras

Cando empregamos unha linguaxe escrita neutra existen, naturalmente, moitas dúbidas no que di respecto ao uso das barras. Como é sabido, a barra está moito ben implantada na linguaxe administrativa, nomeadamente nos documentos en que non se coñece o sexo da persoa a que se destinan, mais non é recomendábel abusarmos do seu uso, xa que dificulta a lectura. Na medida do posíbel é mellor empregarmos os recursos que xa comentamos en anteriores epígrafes, cal substantivos xenéricos, colectivos e abstractos ou metonimias, entre outros. No entanto, nos casos en que non houber outra posibilidade, cómpre alternarmos a orde masculino-feminino, tal como recomendado na sección precedente.

expresión sexistas	expresións neutras	
Don	D./Dna / Dna/D.	Nome e apelidos
o fillo	filla/o	a descendencia
o candidato	candidato/ a	
o neno	o/a neno/a	a poboación infantil / as crianzas / a infancia
o representante	a/o representante	a persoa representante
o alcalde	o/a alcalde/alcaldesa	a alcaldía
o presidente	o/a presidente/a	a presidencia

Ex: Dá clases na Facultade, atende a consulta en casa, imparte conferencias antibelicistas, escribe e coida **das/os fillas/os**.

(*Sermos Galiza*, 21 de xullo de 2017)

Ex: A actividade está indicada para **nenos/as** de idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos.

(*La Voz de Galicia*, 4 de xuño de 2008)

Ex: Corenta **psicólogos/as** fórmanse en previr e intervir en casos de violencia de fillos/as cara aos pais e nais.


(*21 Noticias*, 3 de abril de 2019)

3.2.6.2. A arroba

O símbolo @ rexistra un uso moito extenso, mais non é un signo lingüístico, e, por iso, non é recomendábel empregármolo, cando menos nun rexistro formal. Dispomos, como estamos a ver, doutras estratexias para nos referirmos simultaneamente aos xéneros masculino e feminino:

Ex: Todo coa folga como horizonte, un paro xeral que ten tamén xa un lema pensado: “Máis tempo para **@s nos@s pacientes**”.

(*Praza*, 13 de marzo de 2019)



3.3. Algúns exemplos comúns na Administración

A división sexual do traballo, que até ben pouco atribuíu a cada persoa unha serie de roles, espazos e tarefas consoante o seu respectivo sexo, creou un “teito de vidro” que conseguiu afastar as mulleres do mundo laboral, político e público durante séculos. Á medida que elas se foron incorporando a estas novas áreas, a linguaxe tivo de se adaptar a esta situación e fornecer distintas estratexias para tornar visíbel a súa presenza. Hoxe en día, debido á participación das mulleres en todos os ámbitos, é máis do que nunca imperativo evitarmos que a Administración pública continúe a transmitir os valores patriarcais e sexistas de outrora. Felizmente, unha boa parte do camiño xa foi percorrida, mais, como veremos a seguir, aínda hai moito por facer en materia de igualdade lingüística, e iso implica necesariamente revisamos todos os textos redixidos pola Administración. Neste sentido, falamos de documentos administrativos cando estes son producidos por un órgano da Administración. Podemos distinguir dous tipos de documentos segundo as persoas destinatarias: pechados e abertos.

3.3.1. Os documentos pechados

Os documentos abertos son aqueles en que se coñece a persoa ou persoas a que se van dirixidos (p.ex. Cartas, notificacións etc.). Por conseguinte, é posíbel facermos unha redacción non sexista que se axuste á persoa correspondente. Mesmo así, podemos encontrar múltiples exemplos en que o tratamento igualitario non se respecta:

O concelleiro	O secretario	O xefe de negociado
María Fernández	Paula Rodríguez	Ana Santos

Nestas ocasións dado que se sabe o sexo do suxeito, cómpre deixármolo patente, a visibilizarmos sempre as mulleres, cando este for o caso:

A concelleira	A secretaria	A xefa de negociado
María Fernández	Paula Rodríguez	Ana Santos

Por tanto, a mención de postos e cargos, ben como a condición, o carácter ou a calidade en que as mulleres interveñen no procedemento administrativo, ten de se facer empregando o xénero feminino. Para tal podemos usar diferentes mecanismos:

masculino	feminino
Acabados en -o ex: médico, técnico, arquitecto	Acabados en -a ex: médica, técnica, arquitecta
Acabados en -or ex: director, doutor, interventor	Acabados en -ora ex: directora, doutora, interventora
Acabados en -eiro ex: enxeñeiro, bolseiro	Acabados en -eira ex: enxeñeira, bolseira
Acabados en -ario ex: secretario, funcionario	Acabados en -aria ex: secretaria, funcionaria

Hai excepcións con algunhas palabras que terminan en *-ente*. Nalgúns casos será preciso usamos o artigo como morfema de xénero (p.ex. a dirixente, a axente etc.).

masculino	feminino
Acabados en -ente ex: presidente, asistente	Acabados en -enta ex: presidenta, asistenta

Por súa vez, algúns substantivos son invariábeis, polo que tamén debemos empregar o artigo como marca de xénero:

masculino	feminino
Acabados en -ante (excepción: gobernanta)	
Ex: O demandante, o cantante, o aspirante	Ex: A demandante, a cantante, a aspirante
Acabados en -ista (excepción: modista)	
Ex: O telefonista, o florista, o economista	Ex: a telefonista, a florista, a economista
Acabados en -ta, -tra	
ex: o psiquiatra, o terapeuta	ex: a psiquiatra, a terapeuta
Acabados en -l	
ex: o profesional, o industrial, o responsábel	ex: a profesional, a industrial, a responsábel

Porén, nalgúns ocasións, a mesma terminación pode conducir a distintos resultados, dependendo do caso específico:

masculino	feminino
Acabados en -e	
Ex: O alcalde, o xefe, o conserxe	Ex: A alcaldesa, a xefa, a conserxe
Acabados en -fz	
Ex: O xuíz	Ex: a xuíza

3.3.2. Os documentos abertos

Os documentos abertos, contrariamente aos anteriores, son aqueles de que se descoñece a persoa ou as persoas destinatarias. En consecuencia, non é posíbel sabermos con antecedencia o sexo dese ou deses individuos. Segundo a orde do 22 de marzo de 1995 do Ministerio de Educación e Ciencia, cómpre adaptarmos os títulos académicos oficiais, as profesións e os cargos á condición feminina e masculina, facéndonos referencia a ambos os sexos. Oobxec-tivo desta acción é, en esencia, tornarmos visíbeis as mulleres como suxeitos activos e membros de pleno dereito da sociedade. Para esta finalidade, en documentos como Instancias, formularios e impresos de solicitude é conve-niente usarmos os recursos que abordamos anteriormente, cal os nomes abstractos, as pequenas mudanzas na redacción, as duplas formas, as perífrases, as metonimias, as barras etc, a termos tamén en conta a alternancia da orde tradicional masculino-feminino. Algo semellante acontece nos pregos de contratación, nos contratos ou nas ofertas de emprego público, onde encontra-mos reiteradamente cargos, titulacións e profesións que aparecen tratadas de modo sexista:

expresión sexistas	Expresións neutras Duplas formas / Barras	Expresións neutras substantivos abstractos, metonimias, perífrases etc.
licenciado	licenciada/o	licenciatura
diplomado	diplomado/a	diplomatura
o candidato	a/o candidata/o	a persoa candidata / quen se candidatar
O técnico de proxecto	a/o técnica/o de proxectos	o persoal técnico de proxectos
o interesado	o/a interesado/a	a persoa interesada / quen estiver interesado / quen tiver interese
os médicos	as médicas e os médicos	o persoal médico
o técnico arquitecto	o/a técnico/a arquitecto/a	o persoal técnico / a arquitectura
o administrativo	o /a administrativo/aarquitecto/a	a administración / o persoal administrativo
Otécnico medioambiental	o/a técnico/a medioambiental	o persoal técnico medioambiental
notario	notario/a	notaría

